

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 84/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 19 de abril de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de maio de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito do 27 de marzo de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación na Coruña do 20 de febreiro de 2023, pola que se inadmite a súa solicitude formulada o 21 de novembro de 2022, de acceso ao expediente XXX “Proxecto de voaduras para explotación de canteiras B e B2 para construción do dique de Repsol e ampliación peirao A2-A3 do Porto Exterior Punta Langosteira”.

No seu escrito indica que con data do 5 de novembro de 2021, accedeu ao expediente, que aínda sendo incompleto contiña presuntas irregularidades polo que con data do 21 de decembro de 2022, presentou nova solicitude na que fai constar as irregularidades que considera contén o expediente, polo que solicita que se revogue a resolución ditada e se dite nova resolución na que se responda á legalidade que considera que foi vulnerada.

Segundo. Con data do 4 de abril de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro.- Con data do 24 de abril de 2023, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, remite informe, no que en síntese se indica que o reclamante solicitou acceso ao expediente XXX “Proxecto de voaduras para explotación de canteiras B e B2 para construción do dique de Repsol e ampliación peirao A2-A3 do Porto Exterior Punta Langosteira”.

O órgano tramitador comprobou que esta nova petición do 21 de novembro de 2022 refírese ao mesmo obxecto dunha solicitude anterior presentada polo interesado (expediente n XXX), resolta o 26/02/2020 pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, e que concedeu ao solicitante o acceso ao dito expediente, entre outros.

XXX accedeu de forma presencial ao expediente completo, como figura na dilixencia do 5 de novembro de 2021, na que tamén figura como anexo a listaxe de documentos dos que solicitou copias, que lle foron remitidos o 15/11/2021.

Considera que a petición responde claramente a un interese particular, que é o de empregar a información solicitada en procedementos xudiciais, o que non concorda cos obxectivos da normativa de transparencia.

Por este motivo, con data do 20 de febreiro de 2023, que lle foi notificada o 22 de febreiro de 2023 e recibida polo solicitante o 23 do mesmo mes.

Con data do 13 de marzo de 2023 o interesado presentou por correo electrónico tres escritos, sobre o que se lle indicou que tiña que presentalos por calquera medio dos establecidos na normativa de procedemento administrativo. O interesado os presentou con data do 21 de marzo de 2023 no rexistro.

No primeiro deles, solicita revisión de oficio da resolución do expediente XXX, escrito que non é obxecto deste informe nin competencia da Comisión da Transparencia de Galicia. No segundo escrito, con referencia á resolución do expediente XXX, formula recurso de reposición e solicita que se revoque e se emita outra que responda á legalidade que presuntamente foi vulnerada e se lle conceda vista no expediente completo. E no terceiro escrito, solicita que se lle notifique en que data foi comunicada á xefatura territorial a primeira voadura a realizar en función do proxecto IN305A 2018-008 dada a presunta irregularidade denunciada.

Considera a Xefatura Territorial que o segundo escrito, a pesar de formularse como un recurso de reposición, debe dárselle a consideración dunha reclamación fronte a unha resolución en materia de acceso á información.

No dito escrito o reclamante alega irregularidades no expediente (XXX) ao que tivo acceso o 05/11/2021, expón que vota en falta certas autorizacións, como é a do Concello de Arteixo, a Declaración de Impacto Ambiental e a da Autoridade Portuaria.

Sobre isto, e sobre o solicitado no escrito nº 3, indica que o expediente XXX posto á disposición de José Antonio Sánchez Penas en novembro de 2021 foi a totalidade do que consta na Xefatura Territorial da Coruña. O interesado non está discutindo a motivación da Resolución de acceso á información do 20 de febreiro de 2023, pola que se inadmitiu a súa solicitude formulada por ser manifestamente repetitiva e non xustificada coa finalidade da lei, senón que pretende acceder a documentación que non consta no referido expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado se lle notificou a resolución con data do 22 de febreiro de 2023 e a recibiu o 23 do mesmo mes, presentando a reclamación o 21 de marzo de 2023, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou acceso a un proxecto de voaduras para explotación de canteiras, acceso que lle foi concedido con data do 5 de novembro de 2021, e ao considerar que o expediente estaba incompleto e presentaba presuntas irregularidades, presentou nova solicitude de acceso, solicitando que se revogue a resolución pola que se lle concedeu o acceso e que se dite nova resolución na que se responda á legalidade que considera que foi vulnerada.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, dando acceso á documentación existente, como sucede no presente caso. A normativa de Transparencia, non é o cauce adecuado para impugnar un expediente polo cidadá que considere que o expediente está incompleto por que non conteña as autorizacións ou a documentación que a normativa que lle sexa de aplicación estableza.

No presente caso, a Xefatura Territorial deu acceso ao expediente ao interesado como el mesmo recoñece, e se ben a dita xefatura da unha explicación en detalle dos motivos polos que considera que o expediente está completo, esta Comisión non é competente para entrar a valorar este aspecto.

Dado que o interesado non alega irregularidade algunha da resolución sobre a que se resolveu o acceso á información, procede a súa desestimación.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Única: Desestimar a reclamación presentada por XXX con data do 21 de abril de 2023 contra a Resolución da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación na Coruña do 20 de febreiro de 2023, pola que se inadmite a súa solicitude formulada o 21 de novembro de 2022, de acceso ao expediente XXX “Proxecto de voaduras para explotación de canteiras B e B2 para construción do dique de Repsol e ampliación peirao A2-A3 do Porto Exterior Punta Langosteira”.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.